

CDG_06-07

teatro_música_danza

PROGRAMACIÓN SALÓN TEATRO
Maio - Xuño



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE



IGAEM | instituto galego
das artes escénicas
e musicais

Música contemporánea

A Hawk and a Hacksaw & The Hun Hangár Ensemble

SINSAL SANTIAGO. Extensión Salón Teatro

Xoves 17 de maio ás 22.00 horas



Procedentes de Albuquerque (Novo México), Jeremy Barnes e Heather Trost forman A hawk and a Hacksaw (AHAAH), un dúo que, a pesar de enraizaren na tradición, non deixa de trazar o seu propio e particular camiño. A partir das súas viaxes e aventuras por todo o mundo, o seu son é unha mestura fantástica e emotiva de folk da Europa oriental, canción xitana, klézmer, fanfarra mexicana e mais floreos cinematográficos con toques de canción clásica. O seu enorme talento compositivo e a súa forza instrumental deron pé a tres discos, o último deles, *The Way the Wind Blows*, gravado nunha remota vila de Romanía con membros do grupo folk balcánico Fanfare Ciocarlia.

Para este concerto, Jeremy e Heather enrolaron un grupo de catro innovadores músicos húngaros máis outro británico (coñecidos como The Hun Hangár Ensemble) co fin de presentaren a súa música do xeito más ambicioso e complexo. Gaita, clarinete, saxofón, taragot, canto gutural, trompeta, batería, acordeón, contrabaixo vertical, viola e violín están presentes no espectáculo, que inclúe novas pezas, reinterpretacións de cancións do folk húngaro e balcánico e materiais do repertorio de AHAAH. As sedutoras composicións destes trobadores modernos combinan antigas cancións folclóricas, mensaxes sutís e referencias a marchas, ao jazz fusión máis perturbador e á composición moderna.

Danza - Estrea

Arteascena

COPRODUCCIÓN DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO E EXPERIMENTADANZA

Coreografía: Carlota Pérez

Dirección artística: Armando Martén

Sábado 19 de maio ás 20.30 horas e domingo 20 ás 18.00 horas



“Arteascena” é un proxecto multidisciplinar para todos os públicos en que a arte, o proceso de creación, se presenta como o epicentro das cinco escenas en que se divide a proposta que a compañía Experimentadanza estrea no Salón Teatro.

As vanguardas europeas da primeira metade do século XX inspiran esta coprodución co Centro Coreográfico Galego: a arte como un medio de expresión infinito e auténtico por riba de calquera condicionante externo.

A arte créase desde un papel en branco, desde un lenzo, a partir dun anaco de barro ou de planos deseñados, coma se se tratase dun xogo de nenos, dun arquitecto cunha

imaxinación incommensurable. As vanguardas artísticas nacen da idea de expresar temas sociopolíticos nun clima bélico entre as dúas guerras mundiais, e neste apoxeo das artes, marcado pola crise existencial do ser humano, o nacemento da máquina etcétera os pintores, escultores e arquitectos falan desde o máis profundo dos seus sentimientos sobre a patria, o home, a velocidade, o mundo apurado, a realidade da sociedade... e berran sen medo desde os seus pinceis o que non poden berrar coa súa voz.

Teatro

VIII MOSTRA DE TEATRO UNIVERSITARIO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Do luns 21 ao sábado 26 de maio ás 20.30 horas
Entrada libre, previo paso polo despacho de billetes**



Luns 21

TEATRO NA FALÚA (USC): "Cando a noite cae", de Xosé A. Neira Cruz

Martes 22

AULA DE TEATRO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA: "Os fusís da señora Carrar," de B. Brecht

Mércores 23

MURMURIOS (USC): "Entrevista a Mrs. Smith morta", a partir do texto de Agustín Gómez-Arcos
Interview a Mrs. Smith muerta por sus fantasmas

Xoves 24

NNC (USC): "Segredos a voces", de Toti Vollmer

Venres 25

TEATRO QUARTOESCURO (USC): "Unha parella ideal", adaptación de Carlos Gulás do texto Ya Entendí, de Diego Ferrero

Sábado 26

TEATRO NO ARAMIO (USC): "A última balada", sobre textos de Oscar Wilde

Danza - Estrea

30.000

COPRODUCCIÓN DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO E PISANDO OVOS

Coreografía: Ruth Balbís e David Loira

Dirección artística: Damián Muñoz

Sábado 2 de xuño ás 20.30 horas e domingo 3 ás 18.00 horas

Segundo a liña de traballo emprendida pola compañía Pisando Ovos, esta coprodución co Centro Coreográfico Galego está baseada nas novas tendencias e na tecnoloxía. A música, a iluminación e o audiovisual teñen unha forte presenza na obra como soporte do movemento corporal.

Pisando Ovos comeza a súa traxectoria profesional no verán de 2004 cando Rut Balbís e David Loira, licenciados en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, deciden crear a súa propia compañía tras a súa estadía na London Contemporary Dance School, onde estudaron danza contemporánea, composición e coreografía.

A súa primeira creación "N8 OHX" estréase dentro do Festival "Isto Ferve 05" no Teatro Ensalle de Vigo, sala da que é compañía residente desde principios de 2006. Tamén é Compañía Asociada ao Teatro Galán de Santiago de Compostela.

De 2005 son, así mesmo, as coreografías "Hélice", "Horas Punta" e "Muitas flores", mentres que en 2006 estrea "A señorita e o señorito Helio", "Con permiso", "No intre 1800" e "Sólo David".

Música contemporánea
Hanne Hukkelberg
SINSAL SANTIAGO. Extensión Salón Teatro

Xoves 7 de xuño ás 22.00 horas



Durante un tempo a noruega Hanne Hukkelberg percorreu Oslo en bicicleta en busca de sons e impresións que plasmar no estudo para máis tarde irse vivir medio ano a Berlín. Mostra de iso é a bicicleta que a acompaña encima do escenario, da que colle o son da roda ao xirar. Cantante e multiinstrumentista precoz, aos tres anos xa cantaba e tocaba a batería mentres o seu pai a acompañaba ao piano. Aínda que medrou escuchando música clásica, os seus primeiros escarceos adolescentes fixoos como vocalista de rock, metal e free-jazz.

Agora, con 27 anos, segue mantendo ese eclecticismo sonoro ao que incorporou unha boa dose de pop-cabaré e electrónica, potenciado o deixa jazzy da súa voz. Creou un son inesperado, onírico, fráxil, absorbente e máxico cuxo valor se acrecenta a cada escoita.

Teatro
Truenos y Misterios
MATARILE TEATRO
Creación e dirección: Ana Vallés

Sábado 9 de xuño ás 20.30 horas e domingo 10 ás 18.00 horas



Un científico, un mestriño de escola e actor, un bailarín e licoreiro, o profesor e eu. Asomámonos a un balcón e aí abaxio, esos seres que fomos, un desfile de datos non escritos -a pel non se escribe- aparentemente inservibles pero non esquecidos. Eliminado o decorado e extraídos do seu contorno -unha fábrica de coches, un ballet nacional, unha escola, un taller de marionetas ou un laboratorio de universidade-, trasladados a un escenario e vistos agora desde a barreira, diseccionados ante o patio de butacas, estes personaxes non son máis que produtos abraíados de ALGO -chamémoslle historia, cultura, familia, tempo- que non puideron ou non souberon controlar. E que se lles foi das mans!

Desde 1986 Matarile Teatro desenvolveu unha linguaxe propia, un teatro non baseado no texto literario que funde distintas linguaxes escénicas. Un teatro que se aparta dos personaxes para reflectir as persoas que somos e a vida que vivimos, un teatro da suxestión que comunica directamente co espectador por medio do movemento, a palabra, a ironía, a música, o humor e a complicidáde. Puxo en escena 23 espectáculos, numerosas performances e colaborou con outras compañías. Presentou os seus espectáculos en Francia, Portugal, USA, Inglaterra, Iugoslavia, Italia e Alemaña. Entre os premios recibidos polas súas montaxes encóntranse o Premio do Públco na Feira do Teatro de Galicia 2005 ao Mellor Espectáculo, Premio ao Espectáculo máis Orixinal e Innovador do XI Festival Internacional de Teatro e Artes de Rúa de Valladolid ou o Premio María Casares á Mellor Dirección do Teatro Galego.

Circo

Kamikaze

COPRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO E PISTACATRO

Creación colectiva

Dirección: Hernán Gené

Do xoves 14 ao sábado 16 de xuño ás 20.30 e o domingo 17 ás 18.00 horas



“Kamikaze” é un espectáculo cómico dirixido a todos os públicos, no que están presentes tamén teatro, novo circo, ilusionismo e música en directo. Trátase dunha creación colectiva con dirección de Hernán Gené (premio Max 2005 ao mellor espectáculo de teatro por “Sobre Horacios y Curiacios” de Teatro de La Abadía), na que participan como membros do elenco Antón Coucheiro, Natalia Outeiro, Manuel Lago, Pablo Reboleiro, Xabier Mera, Borja Fernández e Alfonso Medina.

Esta coprodución do Centro Dramático Galego e Pistacatro, produtora de soños é o resultado de sete anos de experiencia da compañía como pioneiros en Galicia en Novo Circo e cabaré, enchendo un valeiro que conta cunha demanda demostrada por parte do público e que desde fai unha dcecada estase a desenvolver con éxito noutras comunidades autónomas de España.

A homenaxe a un amigo recentemente falecido é o pretexto para que o espectáculo cobre vida por medio dunhas misteriosas personaxes, que se dan cita no funeral para mostrar o seu pesar ao tempo que defenden un modo de vida artística tan arriscado como persoal.

Música contemporánea

Tunng

SINSAL SANTIAGO. Extensión Salón Teatro

Xoves 21 de xuño ás 22.00 horas



Os ingleses Mike Lindsay e Sam Genders conforman o núcleo creativo de Tunng, músicos prolíficos que aparecen en varios recopilatorios como Future Folk, Strange Folk, When the sea meets the sky; lanzaron no 2005 no Reino Unido Mother's daughter and other songs -recién lanzado no 2006 nos EE.UU.-, un bo exercicio cheo de mantras, pastiches vocais, insertos electrónicos e bastantes guitarras acústicas.

Cun prestixio xa asentado, Tunng agora ten sete integrantes, e acaban de lanzar Comments of the inner chorus, o seu segundo disco, decantándose para un terreo más folk e pop, a electrónica só está presente en breves retalllos

habilmente inseridos nalgúns tracks; comportándose como unha familia de bos músicos Tunng suxire familiaridade e delicadeza antes que experimentación e sorpresa.

Danza

En pé de pedra

Sábado 23 e domingo 24 de xuño

Performance

Do mércores 27 de xuño ao domingo 1 de xullo

SINSAL SANTIAGO

Extensión Salón Teatro

O Festival Sinsal é un dos certames musicais más arriscados e innovadores do panorama da producción feita desde Galiza.

A primeira edición deste punto de encontro das Músicas Contemporáneas en Vigo tivo lugar no ano 2003 e denominouse "Delicatessen de Músicas Sanas". Desde aquela, xa leva celebradas catro edicións que contaron coa participación de Luna, Hood, Jeans Team, Explosions In The Sky, Múm, Dominique A, Donna Regina, Fursaxa, Six Organs Of Admittance, Non Neck Blues Band, Damo Suzuki, Low, Lali Puna, Berg Sans Nipple, Julie Doiron, Kid Dakota, Gang Gang Dance, Nina Nastasia, Wedding Present, Joan As Police Woman, CocoRoise, Pan sonic, Midaircondo, Josephine Foster, Isan, Salvatore, Orquesta Típica Fernández Fierro, etc.

A partir da terceira edición, o festival cambiou de formato e pasouse a denominar "Música Para Catro Estacións". Deste xeito, a programación do Sinsal estendeuse ao longo de todo o ano ofrecendo catro concertos, un por cada estación, en distintos espazos da cidade olívica. Para os organizadores do certame, esta nova estrutura une a Vigo durante todo o ano con algúns dos artistas más interesantes da escena nacional e internacional. Ademais, desde a perspectiva coa que en Sinsalaudio entenden a música, pretenden que o Festival Sinsal non sexa só unha cita con algúns nomes influentes do panorama actual, senón que tamén sirva de plataforma para presentar propostas menos populares pero de igual importancia artística.

Nesta ocasión e de forma paralela aos concertos "destacados", o Festival Sinsal ofrecerá en Santiago de Compostela unha prolongación da súa programación denominada "Sinsal Santiago. Extensión Salón Teatro". A Hawk and a Hacksaw & The Hun Hangár Ensemble (17 de maio), Hanne Hukkelberg (7 de xuño) e Tunng (22 de xuño) serán os protagonistas.

A Hawk and a Hacksaw & The Hun Hangár Ensemble
SINSAL SANTIAGO. Extensión Salón Teatro
Xoves 17 de maio ás 22.00 horas

Hanne Hukkelberg
SINSAL SANTIAGO. Extensión Salón Teatro
Xoves 7 de xuño ás 22.00 horas

Tunng
SINSAL SANTIAGO. Extensión Salón Teatro
Xoves 21 de xuño ás 22.00 horas